



NORMAS DE FUNCIONAMENTO PARA O COMEDOR ESCOLAR

Estimadas familias:

Como sabedes a empresa SERUNIÓN é a nova adxudicataria no Centro dos servizos de comedor e madrugadores. Estamos seguros que o cambio suporá unha mellora no funcionamento destes servizos. É por iso que aproveitamos a ocasión para lembrar, e tamén introducir, novas normas para comensais e familias.

1ª). As monitoras recollerán ao alumnado de infantil oito minutos antes da hora de saída. O resto do alumnado agardará diante do Salón de Actos, a partir das 14h., para lavar as mans e baixar ao comedor na orde establecida.

2ª). Para recoller aos comensais haberá dúas opcións:

- Entre as 15,15h e as 15,20h pola porta da Av. Dos Caídos.(previa notificación á encargada). Os familiares deben agardar na porta, fora do recinto (excepto días de choiva), e unha monitora encargarse de entregar un a un a todos os comensais.
- A partir das 15,50h, ao lado do comedor, de 2º a 6º de primaria, e aos de infantil e 1º tédelos que recoller na porta de acceso ao edificio máis cercana ao comedor, onde se vos entregarán persoalmente.

3ª). Se tedes algunha pregunta que facer aos responsables do servizo esperade a que estes terminen de entregar a todos os nen@s.

4º). Os comensais respetarán o cumprimento das normas establecidas para o uso do comedor no Regulamento de Réximen Interno.

5º). As faltas reiteradas por incumplimento das normas de calquera comensal serán comunicadas pola encargada e por escrito á familia, á responsable do ANPA e á Dirección do Centro. Esta reiteración nas faltas poderá ser sancionada coa privación temporal ou definitiva do servizo de comedor.

6ª). O alumnado, logo da comida, realizará nos espazos axeitados actividades de carácter lúdico educativas, tanto dirixidas como libres, pero en todo caso sempre baixo a vixilancia e control dos monitores responsables.

7ª). Co alto número de comensais e coa instalación dispoñible, non podemos garantir que o proceso de limpeza de dentes se faga correctamente, polo tanto consideramos que polo momento é mellor non realizalo

8ª). No caso de que a persoa de costume non poda recoller ao nen@ avisade, por favor, á encargada a través dunha nota se o sabedes con antelación, e senón, podeades avisar por teléfono ao 981133029.

9ª). Os **comensais esporádicos** deberán abonar directamente á encargada a cantidade de 7 euros o mesmo día de utilización do servizo.

10ª). Para poder utilizar o servizo de comedor en calquera das modalidades é imprescindible ter pagada a cuota anual correspondente ao seguro.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA MADRUGADORES

- a) Haberá dúas modalidades: con e sen desayuno
- b) O servizo comezará o 10 de setembro.
- c) A hora de inicio será ás 7,30 horas da mañán.
- d) O alumnado usuario deste servizo poderá entrar entre as 7,30 e as 8,30 horas.
- e) A porta de acceso será a de Avenida dos Caidos que estará aberta. As familias tedes que acompañalos ata a porta do comedor onde a monitora responsable recollerá ao alumnado.
- f) Durante este tempo e ata as 9 horas a monitora-s daralles o desayuno e organizará actividades lúdico-educativas con eles.
- g) As 9 h. a monitora deixará a cada alumno na súa fila ou na clase, dependendo da súa idade.
- h) O servizo está xestionado pola empresa SERUNIÓN (607 634 413) e o ANPA (981139980).

Agardando que estas indicacións e normas redunden na mellora, tanto da calidade do servizo de comedor e madrugadores deste Centro como no bo funcionamento xeral do mesmo, quedamos a vosa disposición e aproveitamos para enviaros un afectuoso e cordial saúdo.

En A Coruña a 10 de setembro de 2010.

A presidenta da ANPA

O Director